



Un home fotografía as cerdeiras cando florecen.

AMADOR LORENZO

As árbores tamén enferman

Unha das especies máis ameazadas é o castiñeiro, que dende o século XIX fai fronte á doenza da tinta. Varios expertos analizan hoxe en Lugo os perigos que axexan os bosques da comunidade

AXENCIAS
GALICIA
actualidade@xornaldeg Galicia.com

Con máis de cen asistentes, comeza hoxe un ciclo de conferencias sobre medio ambiente organizado pola deputación de Lugo e a Real Academia das Ciencias. Distintos especialistas neste ámbito pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela (USC) analizarán os riscos que axexan os bosques galegos. As xornadas están precedidas pola voz de alarma que deu un dos relatores, o catedrático de Producción Vexetal da USC, Antonio Rigueiro, que aseverou que as especies forestais da comunidade están afectadas na súa maioría por algún problema sanitario.

Rigueiro alertou, con especial énfase sobre a situación do castiñeiro, unha

das árbores máis presentes no entorno galego e tamén a que se atopa máis ameazada. Este experto recoñeceu que é unha das especies que vén sufrindo problemas "desde vello", concretamente dende a metade do século XIX, coa aparición do que se coñece como a "enfermidade da tinta", que minguou considerablemente a superficie dedicada a este especie arbórea. Segundo este experto, as pragas e enfermidades fóronse incrementando co paso dos anos, ata o punto de adquirir a día de hoxe unha "especial virulencia".

UN AMPLO CATÁLOGO

O equipo de Rigueiro na Escola Politécnica Superior xa presentara no verán un estudo no que cifraba nun milleiro o número de plantas e formacións singulares coñecidas ata o momento

"As pragas fóron en aumento e son máis virulentas"

en Galicia. En concreto, a investigación cifraba en 120 os tipos singulares cos que contaba a comunidade, que foron incluídos no *Catálogo de Árbores e formacións Singulares de Galicia* para detallar as súas características e as recomendacións máis axeitadas para preservar este patrimonio natural.

DÚAS QUENDAS

O presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, será o encargado de inaugurar hoxe as conferencias, que se celebrarán en dúas quendas: do 16 ao 19 de novembro e do 23 ao 25. Os máis de cen asistentes ao ciclo terán ocasión de debater sobre asuntos como a produción e os servizos dos montes, a historia dos bosques en Galicia, ou o patrimonio natural da autonomía e os espazos protexidos. ■



Galiciencia

A FEIRA ESCOLAR ACADA POR PRIMEIRA VEZ OS 50 PROXECTOS

A cuarta edición de Galiciencia, a maior feira científica de Galicia, contará por primeira vez o medio centenar de proxectos de innovación e traballos científicos, que defenderán estudantes de Secundaria de toda España. A exposición, que se desenvolverá entre o 25 e o 27 de novembro no Parque Tecnolóxico de Galicia -Tecnópolis, no concello ourensano de San Cibrao das Viñas, combinarase con talleres e sesións didácticas con motivo da Semana da ciencia.

Algúns dos traballos que se presentarán versan sobre a extracción de aceites esenciais de algas para fabricar cosméticos, o deseño dunha mochila ergonómica ou o desenvolvemento dunha ponte elevadiza mediante electricidade.



ENERXÍA

INNOVA DESENVOLVE UN MAPA XEOTÉRMICO DO SOLO GALÉGO

A compañía galega de investigación xeotérmica Ingeo desenvolve un sistema de información xeográfica, útil para calcular as dimensións de terreo necesarias na realización dunha instalación para o aproveitamento deste tipo de enerxía, que se acumula no subsolo e que se emprega con fins de calefacción e refrixeramento.

O proxecto, que empezou en 2007 e culmina a finais do ano que vén, consiste nun estudo xeofísico e xeotérmico do chan galego e inclúese no programa de I+ D+i da Consellería de Economía e Industria. Ata o momento a empresa realizou un total de 25 ensaios co fin de clasificar cada tipo de terreo e trazar o "mapa xeolóxico galego", segundo destacou unha das socias de Ingeo, Lucía Novelle.